

'TRIUNFA TI E GAÑA' Concurso da cátedra Jaime Vera de Emprendemento Social da USC



A Cátedra Jaime Vera de Emprendemento Social da USC convoca a primeira edición dun concurso que, baixo o lema 'Triunfa ti e gaña o emprendemento social', pretende premiar ás persoas que desde os campus de Lugo e Santiago presenten accións sostibles no tempo, que promovan emprendemento con proxección no ámbito social e que supoñan transferencia ou xeración de coñecemento.

Dirixido a todos os membros da comunidade universitaria, na actualidade ou no pasado, o Concurso de Accións Sostibles de Emprendemento Social (Ases) presenta tres premios de 3.000, 2.000 e 1.000 euros.

INVESTIGACIÓN

INVESTIGACIÓN SOBRE TABAQUISMO PASIVO

■ A investigadora Mónica Pérez Ríos e o profesor Agustín Montes Martínez, da Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública da USC, atópanse entre os autores dun artigo recentemente galardoado co premio 'As mellores ideas da Sanidade 2008' que concede Diario Médico. O artigo en cuestión, publicado na revista Tobacco Control, conclúe que a exposición ao fume do tabaco ocasionou no ano 2002 en España polo menos 1.228 mortes de persoas non fumadoras. O traballo avaliou por vez primeira a mortalidade atribuíble á exposición do fume ambiental do tabaco en España. Para a súa elaboración tomáronse como base tres enquisas de saúde efectuadas en Barcelona e en Galicia. Segundo a análise, a morte rexistrada por tabaquismo pasivo no traballo son o dobre en mulleres que en homes ao contabilizar 820 na poboación feminina estudada e 408 entre os varóns.

UN MILLAR DE BOLSAS XESTIONADAS NA USC

■ A Universidade de Santiago de Compostela, a través da Oficina de Relacións Exteriores (ORE), leva anos apostando pola mobilidade nacional e internacional dos seus estudantes e docentes co fin de dar resposta ás súas necesidades e conxugar unha formación integral con novas experiencias culturais. A mesmo tempo, a institución compostelá acolle alumnos de intercambio investigadores e docentes procedentes doutras universidades coas que se manteñen convenios de cooperación académica, cultural e de investigación. Así, a USC xestiona anualmente máis dun milleiro de bolsas para estadias no estranxeiro.

EXPOSICIÓN SOBRE RODRÍGUEZ CADARSO

■ A exposición 'Alejandro Rodríguez Cadarso. Un reitor para un país' renderá homenaxe ao que fora reitor da USC na década dos anos 30, cando se celebra o 75 aniversario do seu pasamento. Esta nova iniciativa forma parte dos actos organizados pola Vicerreitoría de Cultura Compostela con motivo do Ano Rodríguez Cadarso.

PROXECTO PARA A CIDADE DE SANTIAGO

■ O profesor Xavier Castro presentará hoxe o informe dun proxecto gastronómico, turístico e cultural para Santiago.

No 2009, a astronomía ocupará as rúas, os colexios e o ciberespazo

Trala declaración por parte da UNESCO como Ano Internacional da Astronomía, profesionais e afeccionados amosarán ó público os segredos do Universo

C.F.

■ (Ven da páxina 1) Hai 400 anos, concretamente no 1609, Galileo Galilei apuntou por primeira vez ó ceo un telescopio. Foi o comezo de catro séculos de descubrimentos. Para celebralo, o vindeiro ano astrónomos de todo o mundo

iniciarán unha completa axenda de actividades no Ano Internacional da Astronomía, segundo unha resolución da Unesco.

O programa é ambicioso e as actividades programadas son moitas e diversas. Así, como era de esperar, haberá moitas noites programadas para ver o ceo. Non só co paso das leónidas, as perseidas e outras estrelas fugaces habituais se poderá escudriñar o firmamento. Haberá oportunidade de facer seguimentos das fases e posicións de Venus no seu percorrido ó redor do sol, ver os diferentes eclipses que se producirán no 2009, e

incluso se organizará un voo especial a China para ver un destes sempre espectaculares fenómenos astronómicos.

Os telescopios serán tamén protagonistas. Dentro do programa de actividades, centos de astrónomos afeccionados apuntarán os seus aparellos ó ceo e deixarán ver polo ollo de vidro a milleiros de persoas, tentando contaxiar o interese polo estudo e observación do Universo.

Tamén se prevé repartir 'kits' de telescopios para que los alumnos de ESO vexan o mesmo que Galileo na súa primeira observación.

Os organizadores deste amplo programa tamén prevén que a astronomía entre nas aulas a plena luz do día. Así, ademais das charlas e presentacións en diferentes colexios e institutos, se premiará ó mellor relato curto de astronomía.

As actividades inundarán tamén o ciberespacio a través de conferencias, utilizando programas como o 'skype', con afeccionados de todo o mundo con ocasión de eventos astronómicos especiais, como eclipses de lua, de sol, chuvias de estrelas e outros fenómenos observables. ■



O grupo Stellae está formado por profesores, pedagogos, psicopedagogos e informáticos, coordinados pola profesora Lourdes Montero Mesa. Investiga o uso que os docentes fan de blogs, chats, foros e outras ferramentas informáticas. [usc]

A USC estuda a utilización que os profesores fan das novas tecnoloxías de comunicación

SANTIAGO | O grupo de investigación Stellae da Universidade de Santiago traballa dende hai anos na mellora dos procesos de formación e no desenvolvemento profesional dos docentes dos diferentes niveis educativos, dende a educación infantil ata a universitaria. O equipo, coordinado pola catedrática

Lourdes Montero Mesa, está integrado por profesores, pedagogos, psicopedagogos e informáticos. Unha das súas principais liñas de investigación céntrase na utilización que os docentes fan das novas tecnoloxías, como por exemplo foros, chats, correo electrónico, materiais multimedia, portafolios

electrónicos, blogs e outras ferramentas informáticas.

O equipo desenvolveu un espazo virtual denominado MOREA (Múltiples Obxectos Reutilizables para o Ensino e a Aprendizaxe), destinado a apoiar ao profesorado na elaboración dos seus materiais dixitais. Neste espazo os docentes dispoñen dos recursos necesarios para crear ferramentas multimedia de xeito sinxelo. Ademais, tamén poden colocar o material que empregan e compartilo con outros profesionais. "A idea é dispoñer do maior número posible de obxectos de aprendizaxe para mellorar

a calidade do ensino", afirma a investigadora.

"O desenvolvemento da aprendizaxe electrónica, como unha das habilidades requiridas para a adecuación da docencia ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), xera algúns problemas, sobre todo á hora de adaptar os contidos do ensino á web", destacou Montero. Nesta liña, o equipo da USC orienta boa parte dos seus esforzos á indagación de contornos de ensino e aprendizaxe que posibiliten o apoio ao profesorado na mellora das súas estratexias metodolóxicas. ■